

Á INSPECCIÓN DE TRABALLO DA PROVINCIA DE

D. /D^a., membro do Comité de Empresa na empresa, e con domicilio para efectos de notificación na rúa (ou alternativamente, D. /D^a., en nome e representación do sindicato CIG, con domicilio para efectos de notificación na rúa.....), ante esa Inspección comparece e, como mellor proceda,

D I

Que por medio deste escrito damos en formular denuncia por infracción de normas laborais contra a empresa, que ten o seu domicilio social na rúa

Fundaméntase a devandita denuncia nos seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Que o horario dos/das traballadores/as da devandita empresa neste centro de traballo é de .. h. a h. Que unha vez rematado o horario citado e rematada, polo tanto, a xornada laboral ordinaria, no centro de traballo permanecen unha serie de empregados/as, en número aproximado de, que continúan a desempeñar as súas tarefas habituais até as h. Esta situación prodúcese durante días á semana e véñse repetindo e mantendo desde hai meses.

Segundo.- Que a permanencia na realización das tarefas por parte deste número de empregados, a iniciativa da empresa e nas condicións descritas, supón a realización dun alto número de horas extraordinarias, até o punto de que se supere dabondo o tope das 80 ao ano, previstas no vixente art. 35.2 do Estatuto dos Traballadores. Así mesmo, a realización destas horas extraordinarias non se rexistra día a día nin se totaliza semanalmente, non se entregando a copia regulamentaria ao traballador/a do parte que a empresa está obrigada a confeccionar. Con esta actuación empresarial infrínxese tamén o art. 35.5 do Estatuto dos Traballadores.

E, polo exposto,

SOLICITAMOS Á INSPECCIÓN DE TRABALLO que, tendo por presentado este escrito, se sirva admitilo e, na súa virtude, teña por formulada denuncia por infracción de normas laborais contra a empresa _____ e ordene que se efectúe unha investigación sobre os feitos relatados no corpo deste escrito, e, previa a súa comprobación e incoación da correspondente acta de infracción, se dite resolución pola que, sancionando á empresa, se obrigue a esta a axustarse a dereito.

É xustiza que se pide en....., de....., de.....

Asdo.

REPRESENTANTE SINDICAL